

REUNIÓN DA COMISIÓN 8ª, PESCA E MARISQUEO

Día: 11.12.2025 Hora: 10:30

A Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 11 de decembro de 2025, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Comparecencia

- 1.1 31069 (12/CPC-000103)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Do presidente do Ente Público Portos de Galicia, por petición propia, para informar do primeiro expediente de ampliación do prazo extraordinario das concesións portuarias tras a modificación da Lei de portos de Galicia para empresas con actividades estratéxicas
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 241f1, do 25.08.2025

Punto 2. Preguntas

- 2.1 19541 (12/POC-006389)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Insua Lema, Óscar e Pérez Fernández, Rosana
Sobre as condicións do actual espazo que utilizan os mariscadores de Corcubión como vestiario e as medidas que pensa adoptar a Xunta de Galicia co fin de buscar unha solución para poderen dispor dun local axeitado
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 157f1, do 13.02.2025
Publicación recualificación, BOPG n.º 296f2, do 04.12.2025
- 2.2 30810 (12/POC-005205)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Abalde Alonso, Julio Ernesto e López Font, Carlos
Sobre as previsións do Goberno galego respecto das labores de dragado para conseguir a operatividade do calado do dique do porto de Lorbé
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 241f2, do 25.08.2025
- 2.3 35699 (12/POC-006329)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez Fernández, Rosana
Sobre a situación da depuración das augas residuais en Noia e as actuacións e medidas previstas pola Xunta de Galicia en relación coa mellora das infraestruturas de saneamento e da calidade das augas da ría
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 269f2, do 16.10.2025



Publicación recualificación, BOPG n.º 290f2, do 26.11.2025

- 2.4 38833 (12/POC-006247)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Insua Lema, Óscar e Pérez Fernández, Rosana
Sobre a situación do marisqueo na ría de Camariñas e as actuacións previstas
pola Consellería do Mar destinadas a conseguir a viabilidade do sector nesta
ría
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 290f2, do 26.11.2025

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 4 de decembro de 2025

Patricia García González
Presidenta da Comisión



Asinado dixitalmente por:

Patricia García González na data 04/12/2025 13:46:59



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 04/12/2025 13:58:54
Nº Rexistro: 11131
Data envío: 04/12/2025 13:58:54.523

CSV: REXPG-UpMxD7LUT-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 04/12/2025 13:58:55



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 04/12/2025 13:58:54
Nº Rexistro: 11131
Data envío: 04/12/2025 13:58:54.523

CSV: REXPG-UpNxDTLUT-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 8ª, PESCA E MARISQUEO

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta	P
Patricia García González	
Vicepresidenta	P
Paula Mouzo Mas	
Secretaria	BNG
Carmela González Iglesias	

Vogais

Daniel Castro García	BNG
Paloma Castro Rey	S
Jesús María Fernández Rosende	P
Miguel Fidalgo Iglesias	P
María Dolores Hermelo Piñeiro	P
Oscar Insua Lema	BNG
Carlos López Font	S
Rosana Pérez Fernández	BNG
María Magdalena Pérez Millares	P
Paulo Ríos Santomé	BNG
Moisés Rodríguez Pérez	P
Raúl Santamaría González	P
Manuel Santos Costa	P
.....	M

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 11.12.2025

Hora: 10:30

Orde do día

1. Comparecencia

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 11.12.2025

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 31069(12/CPC-000103)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Do presidente do Ente Público Portos de Galicia, por petición propia, para informar do primeiro expediente de ampliación do prazo extraordinario das concesións portuarias tras a modificación da Lei de portos de Galicia para empresas con actividades estratéxicas

Publicación da iniciativa, 241f1, 25.08.2025

Asunto: Solicitud de comparecencia

Solicítolle, consonte o disposto no artigo 143 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante a Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo- do Presidente do Ente Público Portos de Galicia, para informar do **primeiro expediente de ampliación do prazo extraordinario das concesións portuarias trala modificación da lei de Portos de Galicia, para empresas con actividades estratéxicas.**

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

Sr/Sra. Presidente/a da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: REVPG-JGGv4s4MO-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS
INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las
14/08/2025 13:41:53

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/08/2025 13:41:56



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/08/2025 13:41:56
Nº Rexistro: 31069
Data envío: 14/08/2025 13:41:56.959

CSV REXPC-bGsv4sMO-2
Verificar
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 11.12.2025

Hora: 10:30

Orde do día

2. Preguntas

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 11.12.2025

Hora: 10:30

Orde do día

2.1 19541(12/POC-006389)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Insua Lema, Óscar e Pérez Fernández, Rosana

Sobre as condicións do actual espazo que utilizan os mariscadores de Corcubión como vestiario e as medidas que pensa adoptar a Xunta de Galicia co fin de buscar unha solución para poderen dispor dun local axeitado

Publicación da iniciativa, 157f1, 13.02.2025



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/02/2025 17:02:43
Nº Rexistro: 19541
Data envío: 06/02/2025 17:02:43.013

Á Mesa do Parlamento

Óscar Insua Lema e Rosana Pérez Fernández, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa a que os mariscadores da confraría de Corcubión poidan acceder aos vestiarios do porto da vila.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai un ano que remataron as obras no porto de Corcubión dun almacén de pesca, cuxo importe foi de 65.230 € financiado con fondos europeos e da propia Xunta de Galiza para modernizar as instalacións deste porto vinculadas a actividade pesqueira da lonxa e para preservar a seguridade e as condicións de traballo das persoas que operan no porto de Corcubión. O proxecto concreto materializouse na construción dun almacén de 120 metros cadrados que incluía tamén un arquivo, vestiarios e aseos para a xente do mar, e que xestiona a propia confraría.

Os mariscadores á flote da confraría, que son dez, e sen contar cos mariscadores e mariscadoras de á pe, só poden facer uso dun habitáculo de catro metros cadrados para cambiarse e que está situado detrás das oficinas da confraría. Nese mesmo espazo de catro metros teñen unha soa ducha, o que imposibilita que poidan cambiarse e asearse con normalidade antes e despois de traballar no mar.

As novas instalacións, que si contan con espazo e duchas suficientes, están sendo usadas só polos mariñeiros dos barcos que atracan no porto corcubionés, mais a confraría non lle permite usalas aos mariscadores, descoñecendo as razóns deste impedimento.

É necesario mellorar as condicións laborais dos mariscadores, neste dotando dun espazo onde poidan cambiar a roupa de traballo e asearse debidamente, polo que ou ben se lles permite

CSM-REXPG-10U8ZLL-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramitas/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/02/2025 17:02:43
Nº Rexistro: 19541
Data envío: 06/02/2025 17:02:43.013

utilizar as instalacións existentes no porto de Corcubión, ou ben hai que dotar ao porto de novas instalacións, opción que seguramente non sexa necesaria.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Sabe a Consellería que os mariscadores están utilizando un espazo de tan só catro metros cadrados no porto de Corcubión para cambiarse e poder ducharse?

-Considera a Consellería que ese espazo reúne as condición mínimas sanitarias, de hixiene e laborais para consideralo como un vestiario?

-Cales son as razóns polas que a confraría non permite que os mariscadores utilicen as novas instalacións do porto?

-Que medidas vai a adoptar a Xunta de Galiza para atopar unha solución a esta demanda laboral dos mariscadores de Corcubión?

- Ten consignada a Consellería algunha partida orzamentaria para instalar uns novos vestiarios no porto de Corcubión para os mariscadores?

Santiago de Compostela, 6 de febreiro de 2025

Asdo.: **Óscar Insua Lema**

Rosana Pérez Fernández

Deputado e deputada do G.P. do BNG

CSV REXPC-n10U623L1-2
Validación
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza




PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/02/2025 17:02:43
Nº Rexistro: 19541
Data envío: 06/02/2025 17:02:43.013

Asinado dixitalmente por:

Óscar Insua Lema na data 06/02/2025 17:00:51

Rosana Pérez Fernández na data 06/02/2025 17:00:54



CSV REXPC-nj0U6z3Ll-2

Verificación

<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela, Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2025 12:39:37
Nº Rexistro: 39542
Data envío: 27/11/2025 12:39:37.032

Á Mesa do Parlamento

Oscar Insua Lema, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no 157.2 do Regulamento da Cámara, **solicita** que a pregunta para resposta escrita número de rexistro **19541**, **sexa recualificada** como pregunta para resposta oral en comisión e incluída na orde do día da primeira sesión que se celebre da Comisión 8ª, ao non ser respostada no prazo regulamentariamente establecido

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: REVPG-PDeG-Gv-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado o día 27/11/2025 ás
12:39
Por Oscar Insua Lema

Asinado dixitalmente por:

Óscar Insua Lema na data 27/11/2025 12:39:16



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2025 12:39:37
Nº Rexistro: 39542
Data envío: 27/11/2025 12:39:37.032

CSV REXPG-PPdeGalGV-7
Verificar
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 27/11/2025 12:39:37



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2025 12:39:37
Nº Rexistro: 39542
Data envío: 27/11/2025 12:39:37.032

CSV REXPG-PPdeGalGV-7
Verificar
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 11.12.2025

Hora: 10:30

Orde do día

2.2 30810(12/POC-005205)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e López Font, Carlos

Sobre as previsións do Goberno galego respecto das labores de dragado para conseguir a operatividade do calado do dique do porto de Lorbé

Publicación da iniciativa, 241f2, 25.08.2025



Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/08/2025 12:53:11
Nº Rexistro: 30810
Data envío: 11/08/2025 12:53:11.542

Á MESA DO PARLAMENTO

Julio Ernesto Abalde Alonso e Carlos López Font, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo**.

O Porto de Lorbé é a única zona de Oleiros que aínda mantén a actividade mariñeira nese Concello. Son famosos os mexillóns de Lorbé pero ademais son a día de hoxe unha próspera industria. E quen non coñece a festa da centola de Lorbé, cada ano mais concorrida ,e coincidindo sempre ca época de maior colleita dese marisco.

Portos de Galicia leva anunciado dende o ano 2023, cando estaban previstas as eleccións autonómicas, o proxecto para ampliar o dique de Lorbé e facer ademais uns pantaláns, por acordo coa cofradía. Portos de Galicia mantivo reunións con membros da Cofradía de Pescadores de Lorbé, pero hoxe, dous anos despois e xa celebradas aquelas eleccións segue sen realizarse nin proxecto, nin ampliación, nin dique, nin pantalán. Portos segue sen concretar cantos metros vaise prolongar o dique e nos tememos que esa obra o mellor esa promesa, tamén careza, aínda de hoxe de orzamento. Unha actuación tan anunciada e tan oportunamente prometida, só era fume. Fume electoral, iso si.

A espera desta ampliación, a situación esta agravada polo feito de que unha parte importante do dique actual non é operativo para as embarcacións pesqueiras debido a perda de calado por acumulación de áridos e sedimentos limitando a operatividade do porto.

O dragado de este porto estaba previsto en unha obras realizadas fai tempo nas que se tiña previsto a eliminación de unha rocha presente no espazo do porto e o conseguinte dragaxe do porto. Sen embargo, a rocha eliminouse pero

Asinado o día 11/08/2025 ás
12:23
Por Carlos López Font

Asinado o día 11/08/2025 ás
12:23
Por Julio Abalde Alonso

CSX-REXPG-ZmPSG3ZRG-5
Verificación
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

28071 Madrid

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/08/2025 12:53:11
Nº Rexistro: 30810
Data envío: 11/08/2025 12:53:11.542

non se realizou o dragado. Por tanto, na actualidade ese dragado é imprescindible para que a actividade da flota pesqueira do porto de Lorbé poida realizar de forma efectiva e plena o seu traballo en este porto.

Por todo o exposto, os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

Cando ten previsto a Xunta realizar os labores de dragado para facer que o calado do dique do porto de Lorbé poida ser operativo para a flota que opera en este porto?

Santiago de Compostela, 11 de agosto de 2025

CSV REXPO-ZmpSgR6-5
Verificación:
<https://secre.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Julio Abalde Alonso na data 11/08/2025 12:23:50

Carlos López Font na data 11/08/2025 12:23:58



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/08/2025 12:53:11
Nº Rexistro: 30810
Data envío: 11/08/2025 12:53:11.542



CSV REXPG-ZmpSgZrR6-5
Verificar
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/08/2025 12:53:12



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/08/2025 12:53:11
Nº Rexistro: 30810
Data envío: 11/08/2025 12:53:11.542

CSV REXPG-ZmpSgZr6-5
Verificar
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 11.12.2025

Hora: 10:30

Orde do día

2.3 35699(12/POC-006329)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana

Sobre a situación da depuración das augas residuais en Noia e as actuacións e medidas previstas pola Xunta de Galicia en relación coa mellora das infraestruturas de saneamento e da calidade das augas da ría

Publicación da iniciativa, 269f2, 16.10.2025

Publicación recualificación, 290f2, 26.11.2025



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2025 12:22:39
Nº Rexistro: 35699
Data envío: 06/10/2025 12:22:39.287

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa á urxente posta en marcha das actuacións contempladas no plan director de saneamento de Noia e á mellora da calidade das augas da ría de Muros e Noia.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Malia a ter unha importante produción marisqueira, a empregar a centos de persoas de xeito directo e moitas outras indirectamente e a ser referente galego do produto autóctono da ría, os traballadores e traballadoras do mar de Noia veñen padecendo múltiples problemáticas alleas á súa xestión que, sen dúbida, inflúen negativamente na calidade das augas e teñen consecuencias nefastas no seu traballo e na propia produción.

Así, levan décadas denunciando moitas delas sen que as distintas administracións as tomaran aínda en serio a día de hoxe, deixando que os efectos da súa inacción e da súa falta de planificación e de investimentos permitan melloría algunha.

A falta dunha rede de saneamento completa e operativa, con verteduras directas ao medio, aos ríos e á ría e con gravísimas eivas de mantemento durante anos é, precisamente, un dos máis serios problemas ao que ten que facer fronte o sector do mar.

Mais, aínda sendo a ría e os seus traballadores e traballadoras dos principais damnificados por esta situación, toda a cidadanía de Noia no seu conxunto está afectada en maior ou menor medida e absolutamente abraiada polas últimas noticias que se veñen de coñecer sobre a total falta de depuración de augas residuais que se vén

Asinado o día 06/10/2025 ás
12:19
Por Rosana Pérez Fernández

CSV: REVPG-ZHbbBNG-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2025 12:22:39
Nº Rexistro: 35699
Data envío: 06/10/2025 12:22:39.287

mantendo durante os últimos anos, o seu vertido directamente á ría, as multas que xa está a supoñer para o concello de Noia e a apertura dun expediente de infracción por parte da Comisión Europea por incumprimento da directiva sobre augas residuais urbanas.

A extrema situación, polo tanto, require da urxente implicación da Xunta de Galiza que, xunto co concello de Noia, debe poñer en marcha actuacións inmediatas e planificar outras a medio prazo, cos investimentos suficientes, que permitan a progresiva reversión do que está a pasar.

Non hai que esquecer que o propio Plan Director de Saneamento de 2021 xa evidenciaba gravísimas deficiencias da EDAR, das estacións de bombeo postas en funcionamento no ano 2013 e dun mantemento das infraestruturas practicamente inexistente a partir de 2016.

Aínda así, malia as emendas nos sucesivos orzamentos da Xunta presentadas por este Grupo Parlamentario, que foron votadas sistematicamente en contra polo Grupo Popular, a Xunta non comezou as obras de mellora da EDAR ata finais de 2024, unha actuación imprescindible pero insuficiente, vistas as innumerábeis carencias que sinala o Plan Director realizado pola propia Xunta de Galiza.

A inexistencia do tratamento das augas residuais que recentemente se vén de facer pública por parte do concello de Noia ten que supoñer un punto de inflexión e o Goberno galego ten que ser parte principal da solución que necesita o concello para o seu desenvolvemento e que é vital para a ría.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:



CSV XERXO-ZHrAbBN9-4

Verificado

<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2025 12:22:39
Nº Rexistro: 35699
Data envío: 06/10/2025 12:22:39.287

- . Que valoración fai o Goberno galego da inexistencia de depuración de augas residuais dende hai anos no concello de Noia?
- . Que valoración fai do estado das infraestruturas de saneamento nese concello?
- . Como considera que a extrema situación actual está a influír na calidade das augas da ría de Muros e Noia e na súa produción marisqueira?
- . Que medidas vai tomar para colaborar co concello de Noia e dar cumprimento ao Plan Director de Saneamento elaborado pola propia Xunta de Galiza?
- . Considera necesaria e urxente a planificación, xunto co concello de Noia, dun calendario de actuacións e de investimentos para reverter progresivamente a situación actual? De ser así, está disposto a levalo a cabo canto antes?
- . Dada a magnitude das obras que se deberían realizar, vai demandar do Goberno estatal a súa implicación e participación?
- . Está disposto a incluír nos orzamentos de 2026 partidas orzamentarias destinadas a comezar a mellora da rede de saneamento de Noia e a recuperación da ría?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



CSV REXPO-ZHraBHN9-4

Verificado

<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 06/10/2025 12:19:25



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2025 12:22:39
Nº Rexistro: 35699
Data envío: 06/10/2025 12:22:39.287

CSV REXPO-ZHr6BHN9-4
Verificar
<https://seste.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/10/2025 12:22:39



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2025 12:22:39
Nº Rexistro: 35699
Data envío: 06/10/2025 12:22:39.287

CSV REXPO-ZHr6BHN9-4
Verificar
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela, Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/11/2025 09:47:20
Nº Rexistro: 39012
Data envío: 20/11/2025 09:47:20.958

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no 157.2 do Regulamento da Cámara, **solicita** que a pregunta para resposta escrita número de rexistro **35699 (12/PRE-011500)**, **sexa recualificada** como pregunta para resposta oral en comisión e incluída na orde do día da primeira sesión que se celebre da Comisión 8ª, ao non ser respostada no prazo regulamentariamente establecido

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSH-REVPG-HW6JYZ7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado o día 20/11/2025 ás
09:46
Por Rosana Pérez Fernández

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 20/11/2025 9:46:47



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/11/2025 09:47:20
Nº Rexistro: 39012
Data envío: 20/11/2025 09:47:20.958

CSV: REXPG-KHW8JNZ-7
Verificar
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/11/2025 9:47:21



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/11/2025 09:47:20
Nº Rexistro: 39012
Data envío: 20/11/2025 09:47:20.958

CSV REXPO-KHW8JYZ-7
Visítalo en:
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 11.12.2025

Hora: 10:30

Orde do día

2.4 38833(12/POC-006247)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Insua Lema, Óscar e Pérez Fernández, Rosana

Sobre a situación do marisqueo na ría de Camariñas e as actuacións previstas pola Consellería do Mar destinadas a conseguir a viabilidade do sector nesta ría

Publicación da iniciativa, 290f2, 26.11.2025



GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela, Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 13:32:30
Nº Rexistro: 38833
Data envío: 17/11/2025 13:32:30.862

Á Mesa do Parlamento

Oscar Insua Lema e Rosana Pérez Fernández, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 8ª**, sobre a situación de inactividade do sector marisqueiro en Camariñas e o seu futuro.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación actual do sector marisqueiro en Camariñas non é de alarma, está na fase seguinte, e esta falta de recursos e de solucións sumiu ao sector na total desesperación, porque teñen a día de hoxe todas as praias pechadas para levar a cabo as actividades extractivas. Ata agora casi todos os intentos por reactivar os bancos de marisco resultaron fallidos, e nos meses de verán só unhas poucas das mariscadoras estiveron removendo os fondos para osixenar e facilitar a reprodución nun dos bancos cunha axuda de 15.000 € que non dou máis que para pagar o seguro nese pequeno período e para facer outra pequena solta de semente.

A única metodoloxía pola que están a lograr certa supervivencia do marisco é sementando a cría baixo redes, pero esa non parece ser unha vía de futuro, dado que cando proceden a soltala para que engorde, o marisco non sobrevive por razóns que aínda non se explicaron publicamente. As mariscadoras queren saber exactamente que é o que pasa, porque nas rías colindantes si hai bivalvos e na súa ría non colleron nin cinco quilos entre todas en todo o verán. As mariscadoras precisan de axuda para seguir vivindo do mar, para que a súa actividade sexa viable e para garantir a remuda xeracional nunha profesión que hoxe ve o seu futuro máis negro que doutra cor.

Asinado o día 17/11/2025 ás
13:31
Por Rosana Pérez Fernández

Asinado o día 17/11/2025 ás
13:31
Por Oscar Insua Lema

CSV: REVPG-ylnj5ORm-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela, Galicia



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 13:32:30
Nº Rexistro: 38833
Data envío: 17/11/2025 13:32:30.862

O pasado mes de outubro tivo lugar en Camariñas unha xuntanza da consellería do Mar coa agrupación de mariscadoras para estudar a viabilidade da actividade marisqueira na localidade. Á reunión acudía a Directora Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, Ángeles Vázquez, e a responsable territorial na Coruña, María Cancelo. A pesar de que publicamente dixeron que era un encontro de traballo coa confraría de pescadores de Camariñas, no que analizarían as necesidades actuais dos seus membros e co fin de afondar na colaboración entre este pósito e a Administración autonómica, o certo é que tiveron unicamente unha reunión coas mariscadoras para abordar o seu futuro, e na que a responsable territorial, María Cancelo convidounas con palabras textuais a abandonar a profesión “Se fora eu , iría mirando de buscar outro traballo”.

As últimas axudas publicadas este ano para a paralización temporal das persoas mariscadoras a pé non son válidas para que se poidan acoller as mariscadoras de Camariñas, pois un dos requisitos para obter a condición de persoa beneficiaria, debe ter levado a cabo unha actividade extractiva (días de actividade) de, cando menos, 120 días durante os anos 2023 e 2024, realizados nas modalidades de marisqueo xeral e/ou de recursos específicos.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 8ª:

- Vai elaborar un plan de viabilidade para o marisqueo a Consellería do mar en Camariñas ou vai deixar que desapareza definitivamente este sector?
- Cal foi o plan que lles contaron o día 9 de outubro ás mariscadoras na confraría de Camariñas?
- Ratifican as palabras da Responsable territorial recomendándolles ás mariscadoras buscar outro traballo?





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela, Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 13:32:30
Nº Rexistro: 38833
Data envío: 17/11/2025 13:32:30.862

-Que medidas vai adoptar a consellería do mar para que as mariscadoras manteñan uns ingresos económicos mínimos mentras teñan a prohibición de traballar nos areais de Camariñas?

- Que medidas ten previsto realizar de carácter urgente a Consellería do Mar para resolver os problemas que causan tan alta taxa de mortalidade nos areais de Camariñas si é que sabe a causa?

- Teñen na consellería algunha información previa dos estudos encargados para saber as causas de mortandade do marisco na ría de Camariñas? Están rematados eses estudos? se non están, cando teñen previsto rematar ditos estudos?

- A encomenda de xestión a SEGA era para os anos 23, 24 e 25. Finalizaron os traballos encargados a SEAGA? Cando rematan?

- Cal é o motivo polo que non se lles fixo chegar eses estudos ás mariscadoras? Por que a consellería esconde eses informes? Se tiñan un encargo de divulgalos, por que non son públicos?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



CSV REXISTRO: y/nj5QRm-8

Verificación

<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Asinado dixitalmente por:

Óscar Insua Lema na data 17/11/2025 13:31:02

Rosana Pérez Fernández na data 17/11/2025 13:31:10



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 13:32:30
Nº Rexistro: 38833
Data envío: 17/11/2025 13:32:30.862



CSV REXISTRO XERAL ENTRADA
Verificación:
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 17/11/2025 13:32:31



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 13:32:30
Nº Rexistro: 38833
Data envío: 17/11/2025 13:32:30.862

CSV REXPO-y/nj5QRm-8
Verificar
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

